

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/11-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE ALDÁN
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE OURIZO
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DESDE A SUPERFICIE

Especies	Ourizo (<i>Paracentrotus lividus</i>)
Ambito do plan	Dende punta Couso a punta Morcegos cara ao interior da ría de Aldán.
Subzonas de explotación	De punta Couso a punta Pinténs De punta Morcegos ao peirao de Aldán.

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores/habilitacións
-	4	8
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		28										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ De xaneiro a marzo e de novembro a decembro.												
Modalidade⁽³⁾: mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie												
Xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X								X	X	

Topes de captura		
Especies	Embarcación/día	Mergullador enrolado e a bordo/día
Ourizo	-	40 kg

Artes a empregar	Mergullo e apnea e con subministro de aire dende superficie.
-------------------------	--

Puntos de control	Embarcación de vixilancia e lonxa da confraría de Aldán
Puntos de venda	Lonxa de Aldán

Outras consideracións

No ano 2008 autorizouse un plan experimental de ourizo dende punta Couso ata punta Morcegos, cara ao interior da ría de Aldán durante un total de 9 días e para un máximo de 5 embarcacións que acreditaban ter un mergullador enrolado. Ao abeiro do plan experimental do ano 2008 traballaron 9 días e a produción foi de 2620 kg, a asistencia media a pesqueira foi de 3,25 barcos e 4,75 mergulladores.



No ano 2009 este plan foi incluído por primeira vez na Orde do Plan Xeral de Explotación Marisqueira, traballándose ata o día da elaboración desta ficha un total de 16 días, dos 20 autorizados. Así, no que vai deste ano 2009, a CPUE situáse en torno aos 40 kg e cunha asistencia media á pesqueira de 3 barcos e 3,5 mergulladores.

Calendario de extracción:

A entidade propón 28 días de extracción, cun obxectivo de produción de 8960 kg. Tendo en conta os dastos reais que se reflicten das campañas dos anos 2008 e 2009, apróbase un total de 28 días máximos de extracción cunha cota de 80 kg/embarcación

Os obxectivos propostos no plan (20.000 kg no plan) e o número máximo de días está sobreestimado á vista dos resultados da campaña do ano 2008 e da mostraxes realizadas antes e despois da explotación.

Horario de traballo:

De conformidade co establecido no artigo 126 do Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, a captura de ourizo poderá realizarse “tódolos días laborables, agás sábados e vésperas de festivos, en horario abranguido entre as 9:00 e 15:00 horas”.

Actividade de mergullo:

O informe da actividade de mergullo de data 09.11.2009 é favorable a realización das inmersións necesarias para a execución do plan sempre que o mesmo sexa aprobado á efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente.

Mergullo en apnea: máximo 10 metros

Mergullo con subministro de aire dende superficie: máximo 12 metros, cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

Coa primeira solicitude de apertura deberán presentar o plan de seguridade aprobado pola Capitanía Marítima correspondente.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento do banco para cada subzona, deberán ser remitidos regularmente á delegación territorial, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.